

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36010083	CEIP Plurilingüe Carballal-Cabral	Vigo	2023/2024

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	7
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	9
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	10
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	10
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	11
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	11
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	11
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	12
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	13
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	13
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	14
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	14
o) Outros apartados	14

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

O CEIP Plurilingüe Carballal-Cabral acolle as etapas de Educación infantil e Educación primaria polo que debera aterse ao recollido nos Decretos 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 155/2022 de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
  - b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
  - c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
  - d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
  - e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
  - f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
  - g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
  - h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
  - i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
  - j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
  - k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
  - l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
  - m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
  - n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
  - ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.
- Todos estes obxectivos son de obrigado cumprimento, pero tendo en conta a indiosincrasia do noso centro, dáselle unha maior notoriedade a formación de individuos integrais e competentes, cun axeitado desenvolvemento da intelixencia emocional, o apreio e preocupación polo medio ambiente como sostén da vida, sociables, respectuosos e hábiles na resolución de conflitos.

## b) A contribución á adquisición das competencias clave

Neste apartado cómpre describir o que se entende por competencias clave tanto para a etapa de Ed. Infantil como a de Ed. Primaria e o facemos tendo en conta novamente os currículos que para estas etapas están desenvolvidos na Comunidade Autónoma de Galicia. No DECRETO 150/2022, do 8 de setembro e no DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e máis concretamente no seu ANEXO I recóllese que a etapa de educación infantil supón o inicio do proceso de desenvolvemento das habilidades e destrezas necesarias para a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018. Neste decreto, estas competencias clave foron adaptadas ao contexto escolar, así como aos principios e fins do sistema educativo establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. As devanditas competencias son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

### EDUCACIÓN INFANTIL

Recóllese, a continuación, algúns dos modos nos que, desde esta etapa, se contribúe á adquisición das competencias clave.

#### CCL-Competencia en comunicación lingüística.

En educación infantil, poténcianse intercambios comunicativos respectuosos con outras nenas e outros nenos e coas persoas adultas, aos que se dota de intencionalidade e contidos progresivamente elaborados a partir de coñecementos, destrezas e actitudes que se vaian adquirindo. Con iso favorecerase a aparición de expresións de crecente complexidade e corrección sobre necesidades, vivencias, emocións e sentimentos propios e dos demais. Ademais, a oralidade ten un papel destacado nesta etapa, non só por ser o principal instrumento para a comunicación, a expresión e a regulación da conduta, senón tamén porque é o vehículo principal que lles permite ás nenas e aos nenos gozar dun primeiro achegamento á cultura literaria a través das rimas, das ladañas, das adiviñas e dos contos, que enriquecerán a súa bagaxe sociocultural e lingüística desde o respecto da diversidade.

#### CP-Competencia plurilingüe.

Nesta etapa, iníciase o contacto con linguas e culturas distintas da familiar, co fin de fomentar nas nenas e nos nenos as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural, así como o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico. Deste xeito, promóvense o diálogo e a convivencia democrática.

#### STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

As nenas e os nenos iníciase nas destrezas lóxico-matemáticas e dan os primeiros pasos cara ao pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos. O proceso de ensino e aprendizaxe na educación infantil expónse nun contexto suxestivo e divertido no que se estimula, desde un enfoque coeducativo, a curiosidade das nenas e dos nenos por entender aquilo que configura a súa realidade, sobre todo o que está ao alcance da súa percepción e experiencia, respectando os seus ritmos de aprendizaxe. Con esta finalidade, convídase a observar, clasificar, cuantificar, construír, facerse preguntas, probar e comprobar, para entender e explicar algúns fenómenos da contorna natural próxima e iniciarse no aprecio polo medio ambiente e na adquisición de hábitos saudables. Para o desenvolvemento desta competencia clave, préstaselle unha especial atención á iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, á manipulación de obxectos e á comprobación de fenómenos.

#### CD-Competencia dixital.

Nesta etapa, iníciase o proceso de alfabetización dixital que supón, entre outros, o acceso á información, á comunicación e á creación de contidos a través de medios dixitais, así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais. Ademais, o uso e a integración destas ferramentas nas actividades, experiencias e materiais da aula poden contribuír a aumentar a motivación, a comprensión e o progreso na adquisición de aprendizaxes das nenas e dos nenos.

#### CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Resulta especialmente relevante que as nenas e os nenos se inicien no recoñecemento, na expresión e no control progresivo das súas propias emocións e sentimentos e que avancen na identificación das emocións e dos

sentimentos dos demais, así como no desenvolvemento de actitudes de comprensión e empatía. Doutra banda, a escolarización nesta etapa supón tamén o descubrimento dunha contorna diferente á familiar, en que se experimenta a satisfacción de aprender en sociedade, mentres se comparte a experiencia propia con outras persoas e se coopera con elas de forma construtiva. Para iso, as nenas e os nenos comezan a poñer en marcha, de maneira cada vez máis eficaz, recursos persoais e estratexias que lles axudan a desenvolverse na contorna social cunha progresiva autonomía e a resolver os conflitos a través do diálogo nun contexto integrador e de apoio.

CC-Competencia cidadá.

Co obxectivo de sentar as bases para o exercicio dunha cidadanía democrática, ofrécense nesta etapa modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Convídase tamén á identificación de feitos sociais relativos á propia identidade, diversidade familiar e cultura. Do mesmo xeito, foméntase un compromiso activo cos valores e coas prácticas da sustentabilidade e do coidado e a protección dos animais. Para tal fin, promóvese a adquisición de hábitos saudables e sustentables a partir de rutinas que as nenas e os nenos irán integrando nas súas prácticas cotiás. Ademais, sentan as condicións necesarias para crear comportamentos respectuosos con eles mesmos, cos demais e co medio, que preveñan condutas discriminatorias de calquera tipo.

CE-Competencia emprendedora.

A creación e a innovación son dous factores clave para o desenvolvemento persoal, a inclusión social e a cidadanía activa ao longo da vida. A educación infantil é unha etapa na que se estimulan a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para indagar e crear mediante o xogo, as actividades dirixidas ou libres, os proxectos cooperativos e outras propostas de aprendizaxe, o cal supón unha oportunidade para potenciar a autonomía e materializar as ideas persoais ou colectivas. Desta maneira, aséntanse as bases tanto do pensamento estratéxico e creativo coma da resolución de problemas e foméntase a análise crítica e construtiva desde as primeiras idades.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

Para que as nenas e os nenos constrúan e enriquezan a súa identidade, foméntase nesta etapa a expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de diversas linguaxes e distintas formas artísticas. Así mesmo, axúdase ao desenvolvemento da conciencia cultural e do sentido de pertenza á sociedade a través dun primeiro achegamento ás manifestacións culturais e artísticas.

Espérase que a adquisición destas competencias ao longo da súa escolarización lle permita ao alumnado prepararse para afrontar con éxito os principais retos do século XXI: planificar hábitos de vida saudables, protexer o ambiente, resolver conflitos de forma pacífica, actuar como consumidores e consumidoras responsables, usar de maneira ética e eficaz as tecnoloxías, promover a igualdade de xénero, manexar a ansiedade que xera a incerteza, identificar situacións de inequidade e desenvolver sentimentos de empatía, cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, aceptar a discapacidade, apreciar o valor da diversidade, formar parte dun proxecto colectivo e adquirir confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento. A resposta a estes e a outros desafíos, entre os que existe unha absoluta interdependencia, necesita dos coñecementos, destrezas e actitudes subxacentes ás competencias clave e son abordados de maneira global desde todas as áreas que conforman esta etapa.

EDUCACIÓN PRIMARIA

CCL: competencia en comunicación lingüística.

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.

A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

CP: competencia plurilingüe.

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz, para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

STEM: competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM, polas súas siglas

en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable.

A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.

A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

CD: competencia dixital.

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

CPSAA: competencia persoal, social e de aprender a aprender.

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autoconocerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á incerteza e á complexidade, de adaptarse aos cambios, de aprender a xestionar os procesos metacognitivos, de identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas, contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro, así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

CC: competencia cidadá.

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e no compromiso activo coa sustentabilidade e co logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.

CE: competencia emprendedora.

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades, adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e para crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

CCEC: competencia en conciencia e expresión culturais.

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

Tendo en conta a obrigatoriedade de traballar no desenvolvemento de todas estas competencias tanto na etapa de Ed. Infantil, como na de Ed. Primaria na búsqueda de lograr individuos competentes para a vida do s.XXI o CEIP Plurilingüe Carballal-Carbral e as decisións que toma o seu claustro van na dirección de organizar toda a súa actividade

académica en CONTRIBUÍR a adquisición de ditas competencias, que aínda que non se organizan xerárquicamente,

pois todas deben de lograrse e traballarse, e innegable o gran peso que a incorporación a un mundo predominantemente dixital ten e por aí van a maioría dos nosos programas e plans. Para iso o centro aproveita todos os recursos que dende as distintas administracións se ofertan así como os recursos propios da nosa contorna o que se traduce e concreta na participación en diversos programas e proxectos como son neste curso 23-24 :

1. PLURILINGÜISMO.
1. CONTRATOS PROGRAMA: CP INNOVA (EDUsostibilidade), PROA +(5º e 6º de E.P.)
2. PLAN PROXECTA +: Plan de vida activa e deportiva (Xogade)
3. POLOS CREATIVOS
4. EDIXGAL (5º e 6º de E.P.)
- 6 FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO. A formación deste ano irá encamiñada ao funcionamento das novas pantallas das aulas e a formación en polos creativos.
7. PLAMBE
9. SAÍDAS COMPLEMENTARIAS e EXTRAESCOLARES de natureza variada que buscan a adquisición das competencias clave.

O fin último e o desenvolvemento de todas e cada unha das competencias clave en todo o alumnado de modo progresivo que dea lugar a individuos integralmente formados e coas destrezas requiridas pola sociedade na que lles toca desenvolverse.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

O capítulo segundo do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. concretamente no seu artigo 16 sinala os seguintes PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS:

1. Na educación primaria poñerá especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións.
2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentir progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adecuada adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa.
3. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das áreas.
4. Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Nese sentido, as aprendizaxes que teñan carácter instrumental para a adquisición doutras competencias clave recibirán especial consideración.
5. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular. Para facilitar esta práctica, a consellería con competencias en materia de educación promoverá plans de fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes. Para iso contarase, de ser o caso, coa colaboración das familias ou persoas titoras legais e do voluntariado, así como co intercambio de boas prácticas.
6. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para

a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

7. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso priorizarase a comprensión, a expresión e a interacción oral.

8. Prestarase especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos.

9. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.

10. De igual modo, desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

11. Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.

Xa no artigo 17 fai referencia aos elementos transversais recollendo o seguinte:

1. Na etapa de educación primaria trataranse, como mínimo, aqueles contidos de carácter transversal que se recollen nos números 9, 10 e 11 do artigo 16.

2. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

3. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

4. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Polo tato podemos concretar os elementos transversais dun modo máis esquemático en:

- Comprensión da lectura e expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Competencia dixital.
- Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- Igualdade entre mulleres e homes.
- Educación para a paz.
- Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.
- Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
- Orientación educativa e acción titorial.
- Educación emocional e en valores.

No artigo 16 do capítulo segundo do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, recóllese que os elementos transversais a traballar no noso caso no segundo ciclo da etapa de Educación Infantil serán:

- Desenvolvemento afectivo, á xestión emocional.
- Movemento e hábitos de control corporal.
- Manifestacións da comunicación e da linguaxe.
- Pautas elementais de convivencia e relación social.
- Descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven.
- Linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista.
- Educación en valores.
- Educación para o consumo responsable e sustentable.
- Promoción e a educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables.
- Autonomía persoal
- Elaboración dunha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios.
- Coñecemento da diversidade familiar existente.

Todos estes temas transversais se incorporarán no desenvolvemento do currículo nos seus distintos graos de concreción partindo dunha reflexión profunda do claustro que facilite a súa incorporación nos distintos proxectos,



plans e programacións dun modo gradual, notable e consensuado, onde se poña en valor o desenvolvemento integral do alumnado e o traballo de ditos elementos formen parte do funcionamento diario e normalizado do centro. As accións encamiñadas a tal fin son:

1. Celebración de conmemoracións que poñan en valor ditos elementos (mínimo as recollidas no calendario escolar do curso 23-24)
2. Elaboración e posta en práctica do PLAN LECTOR que fomente hábitos de lectura e oratoria.
3. Deseño de actividades para o tempo de recreo que favorezan o traballo dos valores, convivencia, resolución de conflitos e da educación para a saúde (PATIOS DINÁMICOS).
4. Análise profunda sobre a linguaxe empregada nos documentos de centro, aula, comunicacións coas familias...

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

O profesorado dun mesmo nivel practicará principios metodolóxicos comúns-similares.

O traballo de cada unidade didáctica iniciarase cunha situación motivadora que permita detectar as ideas previas do alumnado para, a partir de aí, construír o novo coñecemento.

Tenderase á individualización, tanto das aprendizaxes instrumentais como intelectuais, detectando as dificultades que ten cada neno ou nena e buscando métodos que lles axuden a superalos.

Realizaranse actividades que favorezan a integración de cada alumno ou alumna no seu grupo de clase e polo tanto, a creación de actitudes sociais positivas que permitan a cada un a inserción futura na sociedade.

Neste sentido formularanse traballos de grupo, a través da aprendizaxe cooperativa, de maneira que aprendan a repartir funcións, a responsabilizarse da súa parte correspondente, a respectar a forma de facer dos seus compañeiros e compañeiras, a aceptar a diversidade.

Favoreceranse os coloquios que lles axudarán a:

- Expresarse oralmente con orde.
- Valorar as súas propias opinións e as dos demais.
- Esperar a súa quenda de palabra.
- escoitar aos demais.
- Respetar as diferenzas.

Para que a aprendizaxe sexa significativa realizaranse os seguintes pasos:

- Observación da realidade.
- Manipulación e ordenación dos obxectos.
- Apreciación das súas características.

Con este proceso lógrase que o alumnado afonde, segundo a súa capacidade e nivel madurativo.

A metodoloxía estará baseada non só nos libros de texto, senón nunha maior gama de recursos, como traballos de investigación, biblioteca de aula, medios audiovisuais, etc, que favorezan a súa autonomía mediante un traballo individualizado ou en grupo.

Propónse polo tanto unha metodoloxía activa, creativa, participativa, flexible, globalizadora, cooperativa, motivadora e heteroxénea.

Pretendemos que o noso modelo de educación sexa integral favorecendo o desenvolvemento das competencias e valores no alumnado. Deste xeito, convertémonos nun mestre/a mediador/a que trata de que os nosos alumnos/as desenvolvan ditos aspectos. Todo isto dentro dunha aprendizaxe global e cooperativa.

No noso traballo diario utilizaremos os modelos metodolóxicos que consideremos mellores para adquirir os nosos obxectivos en base as características do alumnado. Entre estes modelos temos:

- Exposicións orais para a transmisión de contidos e experiencias.
- Obradoiros.
- Aprendizaxe cooperativo e colaborativo
- Traballo por tarefas.
- Traballo por proxectos.
- Gamificación.
- Tutoría entre iguais.

Como principios metodolóxicos teremos en conta:

- Actividade e experimentación.
- Participación.
- Motivación.
- Individualización .
- Inclusión.
- Interacción.
- Funcionalidade.

- Globalización.
- Avaliación continua e global.
- Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. -
- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.
- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias ; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, no noso centro organizase un Plan Lector onde se garante a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a vinte minutos.
- A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade dos/das alumnos/as, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as eles/as e máis unha atención individualizada en función das capacidades e necesidades de cadaquén.
- Incidirase durante toda a escolarización na atención individualizada dos alumnos e das alumnas, na realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.
- Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica serán supervisados polo Departamento de Orientación.
- Para unha adquisición eficaz das competencias clave e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- O punto de partida do proceso de ensino-aprendizaxe serán os coñecementos previos do alumnado.
- Búscanse tarefas que captan a motivación do alumnado e facilitan así a aprendizaxe.
- Terase en conta os distintos ritmos e formas de aprendizaxe, polo que se adaptarán as tarefas de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar segundo as súas características de aprendizaxe.
- Consideraranse o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe, dándolle así aos alumnos/as confianza en si mesmos/as.
- Cabe destacar que a acción docente que se leva a cabo no centro é o resultado dunha coordinación permanente do profesorado, que ademais, ten un contacto directo co departamento de orientación do IES Carlos Casares ao que estamos adscritos, co fin de lograr un desenvolvemento do proceso educativo e que exista unha liña de traballo en común. Levaremos a cabo diversas vías de comunicación que faciliten a transición dunha etapa á outra.

### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

- Seleccionaranse todos aqueles materiais e recursos didácticos que se precisen para atender os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do noso alumnado así como a súa diversidade.
- Os criterios empregados serán aqueles que aseguren que os materiais e recursos son:
- Funcionais.
  - Accesibles.
  - Atenden á diversidade.
  - Teñen unha calidade óptima de contidos.

### **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

- O alumnado que non opte pola área de relixión impartiráselle a materia de Proxecto Competencial.
- Ao tratarse dun centro plurilingüe, impártese a materia de Plástica e Música en Lingua Inglesa en todos os cursos de Educación Primaria. En Educación infantil impártese a materia de música en Lingua Inglesa e unha sesión de comunicación oral enmarcada no programa plurilingüe infantil.

### **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

As actividades complementarias deben ser integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

O noso centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado. Ditas actividades están relacionadas con:

- Contidos de cada área.
- Reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.
- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar.
- O proxecto global do centro.
- Os elementos transversais e diferentes centros de interese.

As actividades complementarias programadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciais, empregando recursos non tan habituais. O feito de realizar actividades fóra do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivador para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes

### **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación, non contempla este tipo de plans para o alumnado de E. Primaria.

En calquera caso no centro téñense en conta os seguintes aspectos:

- RE por parte do profesorado que imparta a materia na cal o alumno/a non acadou os obxectivos o curso anterior
- Atención individualizada e personalizada
- DUA
- Se é posible proporcionaráselle un apoio na aula por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria ou, se é o caso, profesorado PROA+
- Recomendacións para as familias dende as titorías
- De ser o caso que non haxa mellora poderá procederse a unha valoración desas dificultades para a aplicación de novas estratexias de intervención.

### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Estes plans de reforzo levaranse a cabo cando un alumno/a permaneza no mesmo curso un ano máis. Teñen como finalidade atender a superar as dificultades que o levaron a esta repetición. Será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor e desenvolverase ao longo de todo o curso (art. 50 da orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación).

O plan debe incluír:

- Identificación do/a alumno/a
- Relación das n.e. que motivaron a repetición de curso
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos
- Medidas extraordinarias, de ser o caso
- Acreditación da información á familia

En cada sesión de avaliación farase o seguimento de dito plan e realizaranse os axustes pertinentes. Na avaliación final informarase do desenvolvemento e aproveitamento de dito plan.

Para a súa elaboración seguirase o seguinte procedemento:

- Reunión do equipo de profesorado que incidiu co alumno para determinar e delimitar os contidos a reforzar. Esta reunión farase o máis pronto posible, unha vez tomada a decisión de permanencia. As conclusións recolleranse nun

informe para facilitarlle á persoa titora do seguinte curso.

- Información á familia por parte a persoa titora e recomendacións.
- Elaboración do plan específico de reforzo para que o alumnado repetidor poida acadar o grao de adquisición das competencias correspondentes, que se irá revisando e axustando segundo as necesidades.

## **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

### **1. Base Legal**

- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

### **2. Actualización da avaliación.**

- Avaliaranse tanto os procesos e resultados da aprendizaxe do alumnado, como a propia práctica docente, cos indicadores de logro descritos para tal fin nas programacións docentes.
- Na avaliación do alumnado aplicaranse as medidas máis adecuadas para que o proceso de avaliación se adapte ás circunstancias deste alumnado.
- A avaliación terá un carácter continuo e global que terá en conta o progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
- No proceso de avaliación continua en canto se detecte que o progreso dunha alumna ou dun alumno respecto aos mínimos (aprendizaxes imprescindibles) establecido na programación non é o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo.
- A avaliación das competencias estará integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado e teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas e relacionados cunha mesma competencia que conformará o perfil competencial.
- A cualificación final será o resultado da aplicación das porcentaxes recollidas nas programacións en canto aos resultados na adquisición de contidos e do perfil competencial.

### **3. Promoción**

Promocionará de xeito automático o alumnado que cursa 1º, 3º ou 5º de E.P.

Ao finalizar o curso de 2º, 4º ou 6º de E.P. e como consecuencia do proceso de avaliación o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio da titora ou titor.

#### **PROMOCIONAN**

- Os alumnos/as que teñen acadadas as competencias en todas as áreas e os que superen as competencias Lingüísticas e Matemática, aínda que teñen outras dúas áreas do currículo con avaliación inferior a cinco.
- Se o caso dun alumnno/a non correspondese con ningunha destas situacións, analizarase o que sexa máis axeitado e beneficioso para o alumno/a.

#### **NON PROMOCIONAN**

- A alumna ou alumno que non cumpra os requisitos anteriores:
  - Non acada as competencias básicas en dúas materias consideradas instrumentais (Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas).
  - Unha materia instrumental e outra: valorar outros aspectos no proceso avaliativo e consensuada pola xunta de avaliación.

O alumnado que non promocioe, permanecerá un ano máis no mesmo curso, sendo esta una medida de carácter excepcional e só una vez en toda a etapa, oídas as nais, pais ou titoras/titores legais da alumna/alumno. Tomarase esta medida tras ter esgotadas todas as medidas ordinarias e cando o equipo docente considere que esta medida favorecerá á alumna ou alumno en cuestión.

De adoptarse a medida de non promoción, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo, para que esa alumna ou alumno acade as competencias correspondentes.

## **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Segundo a Orde de avaliación do 26 de maio de 2023 os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaínte ao rematar a Educación Primaria nunha área ou en varias, e que demostren un rendemento académico excelente.

A concreción desta concesión no noso centro atende aos seguintes criterios:

- A decisión sobre o outorgamento da Mención Honorífica será tomada de forma unánime polo equipo docente de 6º curso de E.P

## **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

O CEIP Plurilingüe Carballal-Cabral acolle as etapas de Educación infantil e Educación primaria polo que deba a terse ao recollido nos Decretos 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 155/2022 de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cada docente do CEIP. Plurilingüe Carballal-Cabral elaborará a principio de curso, respectando os prazos establecidos, as programacións didácticas das áreas que imparte seguindo as decisións e criterios xerais establecidos nesta concreción curricular, e atenderán ao disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos, así como as instrucións de Inspección educativa.

Os mestres e mestras do centro seguimos unha serie de pautas á hora de elaborar as programacións de aula de cada curso, mantendo un esquema de referencia que nos permita levar a cabo un traballo común e consensuado en tódalas etapas educativas.

As programacións didácticas das áreas ou ámbitos das ensinanzas de educación infantil e primaria incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:, tal e como veñen recollidos na aplicación Proens:

a) Introducción.

b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.

-Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

-Procedemento para a avaliación inicial.

-Criterios de cualificación con indicación do grado mínimo de consecución para a superación da área, e criterios de recuperación.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

-Concreción dos elementos transversais.

-Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

-Procedemento para avaliar o proceso da ensinanza e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

-Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grado de cumprimento e, no caso de desviacións, cunha xustificación razoada. Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino- aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino- aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

En definitiva, á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os seguintes indicadores de logro, os cales nos permitirán coñecer información axeitada da nosa labor docente a

través de diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, a memoria da materia, as actas de avaliación):

- Funcionalidade da programación.
- Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
- Actividades adecuadas.
- Estilo de ensinanza.
- Rol do docente.
- Temporalización.
- Organización dos recursos materiais.
- Medidas de atención á diversidade.
- Motivación do alumnado.
- Procedementos de avaliación.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Os centros docentes dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolven a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo, así como outros programas nos cales participa o centro de xeito anual, os cales son ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que :

- Nos axudan a conseguir unha escola plural na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo.
- Permiten a colaboración de xeito interdisciplinar
- Levan a cabo unha acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.
- Favorecen a inclusión de todo o alumnado
- Son innovadores e axudan na formación do alumnado
- Favorecen e enriquecen a organización do centro e a dotación de recursos.

### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

Para iso, programarase unha reunión docente nos primeiros días do curso onde se reflexionará sobre o documento do ano anterior e a necesidade ou non da súa modificación en determinados aspectos.

Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións legislativas que vaian xurdindo.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo como do profesorado e alumnado.

### **o) Outros apartados**

#### **1. Ningún**

Nada que engadir